

ACTA Nº 9/2011

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E CATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

En Paradelas, a vinte e catro de outubro de 2011.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste o sr. Concelleiro D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN E DERROGACIÓN, SE PROCEDE, DE DIVERSAS ORDENANZAS FISCAIS.

O Sr. Alcalde-Presidente procede á lectura da Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando necesario proceder a aprobación das **Ordenanzas fiscais**, que se detallan a continuación, en grande medida para adaptalas á lexislación vixente, debido a antigüidade das mesmas co fin de refundir e publicar de xeito ordenado aquelas que foron obxecto de modificación ao longo dos anos e os seus textos se atopan publicados de xeito disperso, coa finalidade de que as ordenanzas estean sistematizadas e sexan de máis fácil manexo e coñecemento polos cidadáns.

FOLLA Nº 2

- *Ordenanza fiscal nº 1, Ordenanza fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).*
- *Ordenanza nº 2, Ordenanza Fiscal reguladora do imposto de bens inmobles. (IBI).*
- *Ordenanza nº 5, Ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas.*
- *Ordenanza nº 6, Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.*
- *Ordenanza nº 8, Ordenanza fiscal de licenzas de AUTO-TAXI.*
- *Ordenanza nº 9, Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministro de auga.*
- *Ordenanza nº 14, Ordenanza fiscal reguladora de entradas de vehículos a través de beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.*

Considerando, respecto doutras Ordenanzas, que é precisa a súa aprobación, debido a inoperatividade das vixentes e a necesidade de adaptación á normativa máis recente, para axustar as mesmas á legalidade vixente, como e o caso da:

- *Ordenanza nº 7, Ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.*
- *Ordenanza nº 10, Ordenanza fiscal da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública de empresas explotadoras de servizos de subministros.*

Considerando, respecto da *Ordenanza nº 4, Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos e tramitación administrativa a instancia de parte*, a necesidade de redondear determinados importes que non son modificados dende o ano 1999 así como a inclusión doutra expedición de documentos que non estaba a ser regulada e non se tarifaba de xeito concreto, aplicando a mesma de xeito análogo, baixo o epígrafe outros “calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado”, que agora estarán expresamente reflectidos na Ordenanza reguladora.

Considerando, respecto da *Ordenanza nº 18, Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de tanatorio municipal*, o incremento do tipo impositivo de 60,00 euros a 100,00 euros “por utilización de salas de dó, durante dous días”, xa que dende que no ano 2004 se aprobou a Ordenanza en vigor; o custo de mantemento do tanatorio viuse claramente incrementado, en concepto de limpeza, subministro de enerxía eléctrica e diversas instalacións que foron realizadas a instancia do órgano competente autonómico en materia de sanidade, resultando aínda así un prezo moi inferior respecto de ordenanzas sobre a mesma materia en outros concellos da provincia.

Considérase necesario, asemade, a derogación das seguintes ordenanzas, debido a que as mesmas teñen carácter obsoleto e non se adaptan as necesidades nen aos servizos prestados na actualidade por parte do Concello:

FOLLA N° 3

- Ordenanza n° 11, ordenanza reguladora del precio público por apertura de calicatas o zanjas en terrenos de uso público y cualquier remoción del pavimento o aceras en la vía pública. (Publicada no B.O.P. n° 71, de 29 de marzo de 1999).

- Ordenanza n° 12, ordenanza reguladora del precio público por instalación de quioscos en la vía pública. (Publicada no B.O.P. n° 71, de 29 de marzo de 1999).

- Ordenanza n° 13, ordenanza reguladora del precio público por puestos de barracas, casetas de venta, espectáculos o atracciones situadas en terreno de uso público e industrias callejeras y ambulantes y rodaje cinematográfico. (Publicada no B.O.P. n° 71, de 29 de marzo de 1999).

- Ordenanza n° 15, ordenanza fiscal reguladora del precio público por Servicio de Ambulancias Sanitarias. (Publicada no B.O.P. n° 291, de 19 de decembro de 1989).

- Ordenanza n° 16, Ordenanza fiscal general reguladora de contribuciones especiales. (Publicada no B.O.P. n° 291, de 19 de decembro de 1989).

O Alcalde que suscribe, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar, provisionalmente as seguintes Ordenanzas fiscais:

- Ordenanza fiscal n° 1, Ordenanza fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).

- Ordenanza n° 2, Ordenanza Fiscal reguladora do imposto de bens inmuebles. (IBI).

- Ordenanza n° 4, Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos e tramitación administrativa a instancia de parte,

- Ordenanza n° 5, Ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas.

- Ordenanza n° 6, Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

- Ordenanza n° 7, Ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

- Ordenanza n° 8, Ordenanza fiscal de licenzas de AUTO-TAXI.

- Ordenanza n° 9, Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministro de auga.

- Ordenanza n° 10, Ordenanza fiscal da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública de empresas explotadoras de servizos de subministros.

- Ordenanza n° 14, Ordenanza fiscal reguladora de entradas de vehículos a través de beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Ordenanza n° 18, Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de tanatorio municipal.

SEGUNDO.- Derrogar as seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza n° 11, ordenanza reguladora del precio público por apertura de calicatas o zanjas en terrenos de uso público y cualquier remoción del pavimento o aceras en la vía pública. (Publicada no B.O.P. n° 71, de 29 de marzo de 1999).

FOLLA Nº 4

-Ordenanza nº 12, ordenanza reguladora del precio público por instalación de quioscos en la vía pública. (Publicada no B.O.P. nº 71, de 29 de marzo de 1999).

- Ordenanza nº 13, ordenanza reguladora del precio público por puestos de barracas, casetas de venta, espectáculos o atracciones situadas en terreno de uso público e industrias callejeras y ambulantes y rodaje cinematográfico. (Publicada no B.O.P. nº 71, de 29 de marzo de 1999).

- Ordenanza nº 15, ordenanza fiscal reguladora del precio público por Servizio de Ambulancias Sanitarias. (Publicada no B.O.P. nº 291, de 19 de decembro de 1989).

- Ordenanza nº 16, Ordenanza fiscal general reguladora de contribuciones especiales. (Publicada no B.O.P. nº 291, de 19 de decembro de 1989).

TERCEIRO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

CUARTO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra as mesmas, consideraranse definitivamente aprobadas, debendo publicarse o texto da Ordenanza completa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Paradela, 17 de outubro de 201.O ALCALDE, Asdo. José Manuel Mato Díaz”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López, no que di que en principio está de acordó coa actualización e sistematización das ordenanzas, pero non lle parece o mellor momento para a suba das taxas do tanatorio e a apertura de establecementos, manifestando que será mellor deixalo para anos vindeiros.

O Sr. Alcalde resposta que o servizo do tanatorio é moi deficitario, e no resto de ordenanzas non hai suba algunha, como si sucede na maioría dos concellos, debido a que o endebedamento do concello é medio-baixo, e o que se está a loitar e opara que os cidadáns do medio rural teñan os mesmos dereitos que ios ceidadáns que habitan no ámbito urbano.

Procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos dez Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo once o seu número legal de membros, facendo constar o manifestado polos dous membros do Grupo Municipal Socialista, respecto da taxa do tanatorio e das licenzas de apertura de establecementos.

ORDENANZA FISCAL Nº 1

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1. Disposicións xerais

De conformidade co disposto no artigo 59.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e por imposición do mesmo, neste Concello establécese o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos vehículos de tracción mecánica aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome de quen conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4. Cota

De conformidade co previsto no artigo 95.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, as coutas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable neste Municipio queda fixado de acordo ao cadro que se establece no artigo 95.1, sen prexuízo dos incrementos que poida sufrir a través da Lei Xeral de Orzamentos do Estado.

Potencia e clase de vehículo	Cuota - Euros
A) Turismos:	
De menos de oito cabalos fiscais	12,62
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais s	89,61
De 20 cabalos fiscais en adiante	112,00
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas	83,30
De 21 a 50 prazas	118,64
De máis de 50 prazas	148,30
C) Camións:	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	42,28
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	83,30
De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	118,64
De máis de 9.999 kilogramos de carga útil	148,30
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	17,67
De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77

FOLLA Nº 6

De máis de 25 cabalos fiscais	83,30
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil	17,67
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	27,77
De máis de 2.999 kilogramos de carga útil	83,30
F) Vehículos:	
Ciclomotores	4,42
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	4,42
Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	7,57
Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	15,15
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	30,29
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	60,58

Artigo 5. Bonificacións

A bonificación aplicarase na cota íntegra do Imposto durante os cinco anos naturais a contar desde a data da primeira matriculación. Para aplicar esta bonificación terase en conta as seguintes regras:

- Contribuíntes que adquieran un vehículo eléctrico, de biodiesel ou movido por hidróxeno.

- Contribuíntes que adquieran un vehículo novo con catalizador homologado en substitución doutro que non dispuxera del, sempre que acrediten que o devandito vehículo será destinado a desguace.

A bonificación farase efectiva no período impositivo posterior ao da súa solicitude, sendo necesaria a presentación da ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías anteriormente descritas.

Artigo 6. Período impositivo e devengo

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso da primeira adquisición de vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.

2.- O Imposto devéngase o primeiro día do período impositivo

3.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de forma que se altere a súa calificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto, acompañando a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

4.- Pola oficina xestora practícarase a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente aos interesados, con indicación do prazo do ingreso e dos recursos procedentes

5.- O importe da cota do Imposto prorratarase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo das cotas nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustración ou roubo do vehículo, dende o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro Público correspondente.

Artigo 7. Xestión

1.- No caso de vehículos matriculados ou declarados aptos para circular, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que estean inscritos no correspondente Rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón do imposto exporase ao público por prazo de quince días hábiles para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

4.- O pago do Imposto acreditarase por medio de recibos tributarios.

Disposición Adicional

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal, estarase ao disposto nos artigos 92 a 99, ambos inclusive, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL N° 2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1. Disposicións xerais.

De conformidade co previsto nos artigos 15.2, 16.2, 59.1, 61, 62, 72 e 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable neste Municipio, queda regulado nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos bens inmóbles de natureza rústica e urbana sitos no termo municipal, ou pola titularidade dun dereito real de usufructo ou de superficie, ou dunha concesión administrativa sobre ditos bens ou sobre servizos públicos aos que estean afectos, e grava o valor dos referidos inmóbles.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que

ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

Artigo 4º.- Tipo de Gravame

1. O tipo de gravamen do Impuesto sobre Bens Inmables, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40 %.

2. O tipo de gravame do Impuesto sobre Bens Inmables, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,65 %.

3. O tipo de gravame das presas, saltos de auga e encoros, incluídos o seu leito ou vaso (bens inmables de características especiais), queda fixado no 1,3 %.

4. O tipo de gravame dos bens inmables destinados á produción de enerxía eléctrica (bens inmables de características especiais), queda fixado no 1,3 %.

Artigo 5º.- Exencións

En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, establecense as exencións seguintes:

1.- Os inmables urbanos cuxa cuota líquida sexa inferior a tres euros.

2.- Os inmables rústicos sitios neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeto pasivo cando as cuotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a tres euros.

Artigo 6º.-Bonificacións

Aplicarase unha bonificación na cuota íntegra do imposto, no suposto de que se trate de vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas, bonificación que se tendo en conta as seguintes regras:

- Xeral: Bonificación do 50% para os suxetos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou ben que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou ben estea incapacitado para o traballo.

-Especial: Bonificación dun 75% para aqueles suxetos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

- Para clasificar as familias nunha categoría ou en outra, estarase ao disposto na Lei 40/2003, de 18 de decembro, de protección a familias numerosas
- Terá a consideración de vivenda habitual aquela que figure como residencia no Padrón Municipal.
- Os suxetos pasivos do impuesto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais que acrediten a súa condición de familia numerosa.

Disposición Adicional

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal, estarase ao disposto nos artigos 60 a 78, ambos inclusive, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA A INSTANCIA DE PARTE.

Artigo 1.- Fundamento e natureza

Este Concello, conforme ao autorizado polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co establecido no art. 20.4 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa por documentos que expidan ou de que extendan as Administracións ou autoridades locais, a instancia de parte, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme a o disposto no art. 16 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a administración ou as autoridades municipais.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda nque non mediase solicitude expresa do interesado.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as personas físicas e xurídicas a que se refire os artigos 41.1 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións subxectivas e obxectivas

Gozarán de exención aqueles contribuíntese nos que concurra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ser perceptor de pensión non contributiva, previa acreditación.
- b) Ser perceptor de pensión do Fondo de Asistencia Social, (FAS) previa acreditación.
- c) Haber obtido o beneficio xudicial de xustiza gratuita, respecto aos expedientes que deben surtir efecto no procedemento xudicial no que fosen declarados.

Artigo 6.- Cuota tributaria

1. A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a emitir ou a tramitar respectivamente, de acordo coas tarifas recollidas no artigo 7º da presente ordenanza.

FOLLA N° 10

2. A cuota de tarifa corresponde á tramitación e/ou emisión completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 7.- Tarifa

As tarifas a que se refire o artigo 7º da ordenanza, estrutúranse nos seguintes epígrafes:

CONCEPTOS EN EUROS

Epígrafe 1º.- PADRÓN DE HABITANTES:

- a) Altas, baixas e alteracións no Padrón de Habitantes 1,20 €
- b) Certificacións de empadramento no Padrón de Habitantes:
 - Vixente 1,20 €
 - De padróns anteriores 3,00 €
- c) Certificados de convivencia e residencia 1,20 €
- d) Declaracións xuradas e comparecencias 1,20 €

Epígrafe 2º.- CERTIFICACIÓN, COTEXOS, COMPULSAS E BASTANTEOS.

- a) Certificación de documentos, acordos e resolucións municipais 2,00 €
- b) Dilixencia de cotexo ou compulsa de documentos 1,20 € a 1ª e 0,30 € (sucesivas)
- c) Bastanteo de poderes que haxan de surtir efecto ante a administración municipal 3,00 €

Epígrafe 3º.- DOCUMENTOS EXPEDIDOS OU EXTENDIDOS POLAS OFICINAS MUNICIPAIS.

- a) Informacións testificais 3,00 €
- b) Por cada comparecencia ante a Alcaldía para calquera finalidade con constancia por escrito solicitada polo interesado 3,00 €
- c) Por cada informe emitido polos servizos técnicos municipais 12,00 €
- d) Por cada informe emitido pola secretaría ou intervención municipal 12,00 €

Epígrafe 4º.- DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVIZOS DE URBANISMO.

- a) Por cada expediente de declaración de ruina de edificios 12,00 €
- b) Por cada certificación que se expida de servizos urbanísticos solicitada a instancia de parte 6,00 €
- c) Por cada informe que se expida sobre características do terreno 6,00 €
- d) Por cada informe do Arquitecto Municipal en peritacións sobre edificios 60,00 €

- e) Obtención de información ou certificación urbanística 6,00 €

Epígrafe 5º.- OUTROS EXPEDIENTES OU DOCUMENTOS.

- a) Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado 1,80 €

Epígrafe 6º.- FOTOCOPIAS.

Expedición de fotocopias por persoal municipal.

- a) Tamaño A4, branco e negro 0,10€
- b) Tamaño A4, color 0,15€

c) Tamaño A3, blanco e negro 0,20€

d) Tamaño A3, color 0,25€

Epígrafe 7º.- CERTIFICACIONES. CATASTRALS.

a) Calquera clase de certificación que se expida a instancia de parte 3,00 €

b) Certificacións de bens inmuebles:

b.1) Bens inmuebles de natureza urbana 4,00 €

b.2) Bens inmuebles de natureza rústica 2,00 €

c) Certificacións literais de referencia catastral:

c.1) Bens inmuebles de natureza urbana 4,00 €

c.2) Bens inmuebles de natureza rústica 2,00 €

d) Certificacións descriptivas e gráficas:

d.1) Bens inmuebles de natureza urbana 8,00 €

d.2) Bens inmuebles de natureza rústica 5,00 €

e) Certificacións de totalidade de bens para titular catastral 3,00 € a 1ª e 0,30 € (sucesivas)

f) Relación de totalidade de bens para titular catastral 0,50 €

Epígrafe 8º.- CARTOGRAFÍA CATASTRAL.

2.1) Formato A4 blanco e negro 0,20 €

2.2) Formato A4 color 0,40 €

2.3) Formato A3, blanco e negro 0,30 €

2.4) Formato A3, color 0,50 €

Epígrafe 9º.- LICENZAS.

a) Por cada solicitude de licenza de obra menor que se tramite 6,00 €

b) Por cada solicitude de licenza de obra maior que se tramite 12,00 €

c) Por cada solicitude de licenza de actividade inocua 12,00 €

d) Por cada solicitude de licenza de actividade clasificada 20,00 €

e) Por cada solicitude que dea lugar a tramitación ante outras administracións mediante remisión de expediente 10,00 €

f) Por cada solicitude de licenza de segregación e/ou agrupación de fincas: 20,00 €

g) Por cada solicitude de cambio de titularidade de licencias de actividade e obra maior: 20,00 €

h) Por cada solicitude de tarxeta municipal de armas 20,00 €

i) Por cada solicitude de licenza non encuadrable en ningún dos supostos anteriores que dea lugar á tramitación dun expediente administrativo 12,00 €

Artigo 8.- Bonificacións da cuota

Non se establece bonificación algunha sobre a tarifa sinalada.

Artigo 9.- Devengo

1.- A taxa devéngase e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2.- Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10.- Declaración e ingreso

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2.- Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderán dársele curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin se requerirá ao interesado para que, no prazo de dez días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcurrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

Artigo 11.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2.012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL Nº 5
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR
OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS**

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello de Paradela, establece a taxa por licenzas urbanísticas que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 de devandito Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire a Lei de réxime do solo e ordenación urbana, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1992, de 26 de xuño, Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia, e pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e que haxan de realizarse no termo municipal de Paradela, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía

previstas na citada Lei do solo, así como á lexislación da Xunta de Galicia e ao plan urbanístico deste concello.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan propietarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.- En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores ou contratistas.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Base imponible

1.- Constitúe a base imponible da taxa

a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificacións de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do seu uso.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións aos efectos do imposto sobre bens inmobles ou do imposto sobre bens inmobles de características especiais, cando se trate de parcelacións urbanas ou obras, instalacións ou construcións.

d) A superficie dos carteis e propaganda colocados de forma visible desde a vía pública.

2.- Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais mecánicas necesarias para levar a cabo a actuación de que se trate.

Artigo 6.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

Nos supostos dos apartados 1.a), b) e c) do artigo anterior, o 0,10 por cento, e no suposto do apartado d) tamén do artigo, anterior 3,00 euros por m² de cartel.

2.- No caso de desistimiento formulado polo interesado con anterioridade á concesión da licenza, as costas para liquidar serán o 0,90 por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

Artigo 7.- Exencións e bonificacións

Non se concederán ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa.

Artigo 8.- Devengo

1.- Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.- Cando as obras se inícien ou se executen sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarae cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición, se non fosen autorizables.

3.- A obrigación de contribuír, unha vez nada, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimiento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9.- Declaración

1.- As persoas interesadas na obtención da licenza de obra, instalación ou construción presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, xunto co certificado visado polo colexio oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e lugar de localización, na que se faga constar o importe estimado da obra.

2.- Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude uniráselle un orzamento das obras para realizar, así como unha descrición detallada da superficie afectada, das características da obra e aqueles datos que permitan comprobar o custo daqueles.

3.- Se despois de formulada a solicitude da licenza modifícase ou ampla o proxecto, deberáse comunicar á Administración municipal, presentando un novo orzamento ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 10.- Liquidación e ingreso

1.- Cando se trate de obras e actos a que se refire o artigo 5.1 a), b) e d):

a) Unha vez solicitada a licenza urbanística practícarase liquidación provisional sobre a base declarada polo solicitante, e o seu importe debe ser satisfeito, en concepto de depósito previo do importe que resulte definitivamente, ao momento de presentar a solicitude e documentación necesaria para a tramitación do expediente, co fin de outorgar a licenza urbanística.

b) A Administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo, unha vez finalizadas as obras, e as superficies dos carteis declarados polo solicitante e á vista do resultado de comprobación, practícará a liquidación definitiva que proceda, con dedución no seu caso do ingresado provisionalmente.

2) No caso establecido para o artigo 5.1) c), a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no imposto respectivo non teña este carácter.

3.- Todas as liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 11.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei xeral tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2.012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 6

ORDENANZA FISCAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co establecido no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; en relación co artigo 20.4.s) do mesmo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, que rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto considerase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.

b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.

c) Recollida de escombros de obras.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas o xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas, ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2.- Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles..

2.- A tal efecto, aplicaranse as seguintes Tarifas:

Epígrafe I.-Vivendas.

Por cada vivenda 60,00 euros anuais.

(Entendese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazos).

Epígrafe II.- Establecementos empresariais e profesionais.

Por cada local 65,00 euros anuais.

(No suposto de que o establecemento se atope situado na mesma vivenda, sen separación, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe I)

As cotas sinaladas na Tarifa teñen carácter non reducible e corresponden a doce meses.

Artigo 6.- Devengo

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada SEMESTRE natural, salvo que o devengo da TAXA se producira con posterioridade a dita data, neste caso a primeira cota devengarase o primeiro día do SEMESTRE seguinte.

Artigo 7.- Decaración de ingreso

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, para o efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro SEMESTRE.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo en esta as modificacións correspondentes, que terán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se teña efectuado a declaración.

3.- O cobro das cotas efectuarase SEMESTRALMENTE mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2.012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 7

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigos 2.1.b, 15 a 19 e 20.4.i) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, establécese a taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos ao outorgamento da necesaria licenza para a apertura de locais ou establecementos, calquera que sexa a actividade que nos mesmos se realice, sempre e cando lles sexa de aplicación o disposto na Lei 1/95, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia e o Decreto 133/2008, de 12 de xuño. Igualmente constitúe feito imponible a prestación da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar se a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial reguladora da mesma, así como na urbanística, sobre ruídos, accesibilidade, medioambiente e no Código Técnico da Edificación, de calquera actividade económica: agropecuaria, industrial, comercial, profesional, de servizos, etc., cuxa apertura se realice en réxime de declaración responsable ou comunicación previa, así como as súas modificacións, ao obxecto de procurar que os mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medioambientais, acústicas e calquera outras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84.ter da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2.- Estarán suxeitas a esta taxa todas as actividades que se tramiten consonte á Lei 1/95, de 2 de xaneiro e Decreto 133/2008, de 12 de xuño, así como as actividades cuia apertura se regula na Ordenanza Reguladora da apertura de actividades económicas non sometidas á avaliación da incidencia ambiental nas que se resulte obrigatoria a realización da actividade de inspección verificación nos termos establecidos no parágrafo anterior ao tratarse de actividades non suxeitas a autorización ou control previo e, entre outras, os seguintes:

a) Ampliación da superficie de establecementos con licenza de apertura, sempre que non implique una modificación substancial da actividade.

b) Ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura sempre que non se trate dunha modificación substancial da mesma

c) Ampliación da actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura, sempre que non se trate dunha modificación substancial.

d) Reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso nin ampliación superficial nin da actividade

e) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo licenza no seu día, se a licenza non tivera caducado

f) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que se realizou a preceptiva declaración responsable

g) Cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración de dito cambio por persoa distinta que para seguir exercéndoa nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento onde se desenvolva e as súas instalacións non sufriran modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e conforme a súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3.- Aos efectos desta taxa entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

4.- Non están suxeitos á presente taxa os seguintes supostos de traslado de local, sempre que se manteña no novo establecemento a actividade anterior ao traslado:

-Como consecuencia de derrumbamento

-Declaración de estado ruinoso

-Expropiación forzosa realizada polo Concello.

5.- Os cambios de denominación social que non supoñan ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da licenza nin na actividade desenvolvida non implicarán ningún pago en concepto desta taxa.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos e responsables tributarios

1. Son obrigados tributarios desta Taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan una unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que sexan titulares da actividade que pretendan levar a cabo ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento mercantil, industrial ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza ou similar para a mesma ou se é o caso, porque presente declaración responsable.

2. Aos efectos de recoñecer aos responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ao disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 4.- Base imponible e tipo de gravame

1. A base imponible do tributo estará constituída polo tipo de local ou establecemento para o que se solicite a licenza de apertura ou a actividade administrativa de control e comprobación, ou no que se realice a actividade obxecto desta Ordenanza.

2. O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

a.- Establecementos ou locais suxeitos á Lei 1/95, de 2 de xaneiro e ó Decreto 133/2008, de 12 de xuño, tributarán por un tarifa de 200,00 euros.

b.- Establecementos ou locais sen incidencia ambiental, tributarán por unha tarifa mínima de 100,00 euros.

c.- Establecementos ou locais cunha superficie total igual ou maior de 500 metros cadrados así como aqueles nos que se desenvolvan actividades incluídas en plans sectoriais, con independencia de que se suxeten ou non á Lei 1/95, de 2 de xaneiro e ó Decreto 133/2008, de 12 de xuño, tributarán polo 0,5% do orzamento de execución material que figure no correspondente proxecto a presentar para a solicitude de licenza de obra. Caso de que por calquera razón non podeira determinarse o orzamento de execución material, tributarase pola cota mínima máis alta correspondente ao epígrafe/s de IAE aos que se estea suxeito, que se determinará segundo o RDL 1175/1990, de 28 de setembro, ou norma que o poidera substituír.

d.- Os cambios de titularidade tributarán ao 50% da primitiva tarifa aboada.

Artigo 5.- Exencións e bonificacións

De conformidade co establecido no artigo 9 do R.D. Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo, non se reconece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 6.- Devengo

1.- A obriga de contribuir nacerá, para as actividades sometidas á Lei 1/95, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia e o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, no momento de outorgarse a licenza solicitada; desde que o local ou establecemento onde vaia desenvolverse a actividade se utilice ou estea en funcionamento sen terse obtido a preceptiva licenza, e desde que se produza algunha das circunstancias das establecidas no número 2 do artigo 2 desta Ordenanza.

2. Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, enténdese iniciada a actividade na data de presentación da solicitude de licenza de apertura, se o suxeito pasivo formula esta expresamente.

3. Cando a apertura teña lugar sen obter a oportuna licenza, a taxa se devengará cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a instalación, apertura e posta en funcionamento do establecemento ou decretar o seu peche, se non fose autorizable a súa apertura.

4.- A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en ningún xeito pola clausura da actividade, suspensión temporal da mesma, desestimento ou renuncia.

Artigo 7.- Normas de xestión

1. Para aquelas actividades suxeitas a incidencia ambiental, os obrigados tributarios presentarán no Concello a solicitude de apertura á que acompañarán os documentos xustificativos daquelas circunstancias que tiveran que servir de base para a liquidación da Taxa. A liquidación da taxa xirarase unha vez recaia acto administrativo de concesión ou denegación da licenza, sen prexuízo de que deban abonarse, con carácter previo, os gastos de publicación a que se refire o artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño.

2. Para as actividades que carecen de incidencia ambiental, a liquidación xirarase unha vez emitida a acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

Constitúen casos especiais de infracción grave:

a) A apertura de establecementos industriais ou mercantís sen a obtención da correspondente licenza.

b) A falsidade dos datos necesarios para a determinación da base imponible.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2.012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 8

ORDENANZA FISCAL DE LICENCIAS DE AUTO-TAXI

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co establecido no art. 57, en relación co art. 20.4.C do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licenzas de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, que rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que en relación coas licenzas de auto-taxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, que se sinalan a continuación:

- Concesión e expedición de licenzas.
- Autorización para transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento, de acordo coa lexislación vixente.
- Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:

A persoa ou entidade a favor da que se lle outorgue a concesión e expedición da licenza, ou a favor da que se autorice a transmisión da mesma.

O titular da licencia cuxo vehículo sexa substituído.

Artigo 4.- responsables tributarios

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

- Otorgamento de licenzas de nova creación, Licencias da clase A, 300,00 euros.
- Autorización para transmisión de licenzas, Transmisión "inter vivos" de licenzas da clase A, 150,00 euros.
- Substitución de vehículos, de licenzas clase A, 50,00 euros.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

Artigo 7.- Devengo

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, nos casos sinalados no artigo 2, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.

Artigo 8.- Declaración de ingreso

1. A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ao seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de recadación.

Artigo 9.- infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DE AUGA

Artigo 1.- Concepto e fundamento legal

De conformidade co previsto no Art.57, en relación co Art.20.1.B) e 4.t ambos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de subministro de auga, incluídos os dereitos de enganche, que rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de subministro de auga incluídos os dereitos de enganche.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa reguladora nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados polo servizo de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche.

Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, sobre os beneficiarios de dito servizo.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na tarifa seguinte:

CONCEPTO EUROS/ M3

Tarifa A: Usos domésticos.- Aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para as necesidades primarias da vida. Se asimilan ós usos domésticos, considerándose como tales os subministros nos que a auga constitúe un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial ou industrial.

Cota fixa mensual	1,20 €
1.- Consumo mensual ata 20 m3.....	0,30 €/m3
2.- Consumo de máis de 20 m3	0,45 €/ m3

Tarifa B: Usos industriais.- Aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo e básico, ou imprescindible, na actividade industrial

Cota fixa mensual	2,40 €
1.- Consumo mensual ata 20 m3	0,60 €/m3
2.- Consumo de máis de 20 m3	0,75 €/m3

Tarifa C: Dereitos de enganche

Cota única: 120,20 EUROS

Artigo 6.- Devengo

A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza, nace desde que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizarase con periodicidade SEMESTRAL.

O pago de dita taxa efectuarase no momento de presentación da correspondente factura ó obrigado a realizalas.

As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co regulamento xeral de recadación.

Artigo 7.- Normas de xestión

As solicitudes de autorización de subministro de vivendas e establecementos industriais e profesionais deberán vir acompañadas do correspondente boletín de instalación de fontanería expedido pola Consellería competente na materia da Comunidade Autónoma. Non autorizándose o subministro se non se acredita o cumprimento do requisito anterior.

Os contadores ou medidores de caudal de subministro de auga serán dos modelos aprobados e verificados pola Consellería competente na materia da Comunidade Autónoma.

Os gastos de conexión e desconexión dos contadores á rede xeral de abastecemento de auga potable serán exclusivamente por conta do abonado. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por razón do funcionamento do servizo ou por razóns distintas ó seu uso normal serán igualmente por conta exclusiva do abonado.

Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte á finca de que se trate e sempre no exterior da vivenda.

O abonado estará obrigado a facilitar o acceso ó persoal encargado da súa lectura.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2.012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 10

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA DE EMPRESA EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTROS.

Artigo 1. - Concepto

De conformidade co previsto no art. 57, en relación co art. 20.1.A) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública, especificado nas contías establecidas no artigo 4º da presente ordenanza.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito impositivo da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, por Empresas Explotadoras de Servizos de Subministrados que resulten de interese xeral ou afecten á xeralidade ou a unha parte importante do vecindario.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares das empresas explotadoras de servizos de subministrados, con independencia do carácter público ou privado das mesmas, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen os subministrados como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión das mesmas.

2. A estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Devengo

A obriga de pagamento da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

- Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

- Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos trimestres vencidos.

- Naqueles supostos nos que o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou dito aproveitamento. A estes efectos, entenderase que empezou o aproveitamento no intre en que se iniciou a prestación do servizo solicitado.

Artigo 6.- Categoría das rúas ou polígonos

Aos efectos previstos para a aplicación das Tarifas da presente Ordenanza, as vías públicas deste municipio clasifícanse en categoría única.

Artigo 7.- Bases e Tipo

1. A base estará constituída polos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal de Paradela as Empresas a que se refire o art. 3.

2. A efectos do disposto neste parágrafo, entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, foran obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal.

Artigo 8.- Cota

A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será, para as empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte da veciñanza, en todo caso e sen excepción algunha, no 1'5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as devanditas empresas. Para estes efectos, entenderase por ingresos brutos os que figuran na

devandita facturación.

Artigo 9.- Exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados Internacionais.

Artigo 10.- Xestión

1. As empresas explotadoras de servizos de subministracións, deberán presentar na Oficina Xestora da Taxa no primeiros quince días de cada trimestre natural declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no trimestre anterior. Dita declaración deberá acompañarse dos documentos acreditativos da facturación efectuada ao termo municipal de Paradela, así como a que en cada caso solicite a Administración Municipal.

2. A Administración Municipal practicará as correspondentes liquidacións trimestrais que terán carácter provisional ata que sexan realizadas as comprobacións oportunas. Efectuadas ditas comprobacións practicarase liquidación definitiva que será notificada ao interesado. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario de conformidade cos disposto no art 68 do Regulamento Xeral de Recadación procederase a esixir o débito pola vía de constreñemento.

3. En todo caso as liquidacións provisionais adquirirán o carácter de definitivas cando transcorran catro anos a contar desde a data de presentación da declaración a que se refire o artigo anterior.

4. As normas de xestión a que se refire este capítulo terán carácter supletorio cando existan convenios ou acordos entre o Concello de Paradela e as Empresas explotadoras de Servizos de Subministración.

Artigo 11.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei xeral tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2.012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 14

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

Artigo 1.- Concepto e feito imponible

De conformidade co previsto no art. 57, en relación co art. 20.1.A) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo,

parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular mediante a ocupación do uso público para a entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de mercadorías de calquera clase, obtiveron ou non a concesión, autorización ou licencia municipal preceptiva.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, quen poderán repercutir, no seu caso, ás cotas sobre os respectivos beneficiarios, tal e como dispón o art. 23.2.d) LRHL.

Artigo 3.- Categoría das rúas

Aos efectos de liquidación desta taxa establécese unha única categoría fiscal para todas as rúas do municipio.

Artigo 4.- Cota tributaria

A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:

TARIFA PRIMEIRA

Entrada de vehículos en edificios ou cocheiras particulares ou aparcamentos individuais de propiedade privada dentro dun aparcamento xeral e os situados en zonas ou rúas particulares que formen parte de comunidades de propietarios con prohibición de aparcamentos para vehículos que non sexan de propiedade dalgún membro da comunidade.

EPÍGRAFE CONTÍA SEMESTRAL EN EUROS

1. Con modificación de rasante. Por cada praza: 9,00 €por cada metro lineal.

2. Sen modificación de rasante. Por cada praza: 9,00 €por cada metro lineal.

TARIFA SEGUNDA

Entrada en garaxes ou locais para a garda de vehículos, podendo realizar reparacións dos mesmos, prestación de servizos de engraxamento, lavado, petróleado, etc. ou recargar carburantes.

EPÍGRAFE CONTÍA SEMESTRAL EUROS

1. Con modificación de rasante. Capacidade local ata 20 prazas: 12,00 € por cada metro lineal.

2. Sen modificación de rasante. Capacidade local ata 20 prazas: 9,00 €por cada metro lineal.

TARIFA TERCEIRA

Entrada en locais para a venda, exposición, reparación de vehículos ou para a prestación dos servizos de engraxamento, lavado, petróleado, etc.: 12,00 € por cada metro lineal.

TARIFA CUARTA

Entrada en locais comerciais ou industriais para a carga e descarga de mercadorías: 12,00 €por cada metro lineal.

TARIFA QUINTA

Reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para carga e descarga.

Reserva especial de parada nas vías e terreos de uso público, concedidos a persoas determinadas, para carga e descarga de mercadorías, materiais fronte a obras de construción, de reformas ou derrubamento de inmobles. Satisfarán ó semestre, cada 5 metros lineais ou fracción de calzada á que se estenda a reserva: 12,00 €por cada metro lineal.

TARIFA SEXTA

Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento.

1. Reserva de espazos nas vías e terreos de uso público concedidas a hoteis, entidades ou particulares, para aparcamento exclusivo ou prohibición de estacionamento. Satisfarán ó semestre, por cada 5 metros lineais ou fracción: 12,00 €

2. Reservas de espazos ou prohibición de estacionamento nas vías e terreos de uso público para principio ou final de paradas de liñas de servizos regulares interurbanos de transportes, colectivos de viaxeiros, servizos discrecionais de excursións e de axencias de turismos e análogos. Por cada 5 metros lineais ou fracción de calzada que alcance a reserva de espazo, ó semestre: 12,00 €

Artigo 5.- Normas de xestión

1. As cantidades esixibles segundo as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo seguinte e formular declaración acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do municipio.

3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias, de darse diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4. En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

5. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración da baixa polo interesado.

6. A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do semestre natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación de baixa determinará a obrigaón de continuar aboando a taxa.

Artigo 6.- Devengo

1.- A obriga de pago da taxa reguladora nesta Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada semestre natural.

2.- O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei 39/1988, de 28 de decembro modificado pola Lei 25/1988, de 13 de xullo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais, nas oficinas da Recadación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do ano ata o día 15 do sexto mes.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 18 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE TANATORIO MUNICIPAL

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.1, 16, 20.1.B.b) e 4.p) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación do servizo de Tanatorio Municipal”, que rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo de Tanatorio Municipal, en canto establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver, entre o lugar de falecemento e o de inhumación ou cremación, debidamente acondicionado e disposto para a exposición e velorio de cadáveres.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da presentación do servizo.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións subxectivas

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na foxa común.

Artigo 6.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

- a) Por depósito e conservación de cadáveres: Por cada depósito dun cadáver ou restos, durante dous días, nos locais destinados a depósito municipal: 50,00 € (prorrateándose por horas en fraccións superiores).
- b) Por utilización de salas de dó, durante dous días, 100,00 €(prorrateándose por horas en fraccións superiores).
- c) Sala de autopsia, 100,00 €

Artigo 7.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose a estes efectos que dita iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso

- 1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.
- 2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma que será notificada unha vez que teña sido prestado dito servizo para o seu ingreso directo nas arcas municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 10.- Normas de policía

O Concello de Paradela velará polo mantemento da orde no recinto a que se refire o art. 2º, así como do respecto adecuado á función do mesmo mediante a esixencia do cumprimento das seguintes normas:

- O recinto permanecerá aberto ó público, como máximo, de 9 da mañá a 9 da tarde.
- Os visitantes comportaranse en todo momento co respecto adecuado ó recinto, podendo en caso contrario adoptar o Concello de Paradela as medidas legais para ordenar, mediante os servizos de seguridade competentes, o desaloxo do recinto de quen incumpriera esta norma.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

2º.- SORTEO DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS XERAIS AO PARLAMENTO E O SENADO, A CELEBRAR O VINDEIRO 20 DE NOVEMBRO DE 2011.

O Presidente da Corporación inicia este segundo punto da orde do día dando conta aos concelleiros presentes da necesidade de proceder, de conformidade co establecido no artigo 26.4º da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, á elección por sorteo público dos membros que formarán parte das mesas nas vindeiras eleccións locais, a celebrar o 20 de novembro de 2011.

A tal efecto comunicase que cos datos remitidos do censo electoral da delegación provincial do Instituto Nacional de Estadística levarase a cabo o sorteo utilizando a aplicación informática proporcionada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

Para elo os concelleiros abandonan o salón de Plenos e trasládanse ás oficinas municipais para poder utilizar os medios informáticos necesarios.

A continuación procedeuse a realizar o sorteo co seguinte resultado:

Distrito Censal 01 - Sección 001 - Mesa A

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
BERGANTIÑOS	LÓPEZ	RUBÉN	33349767C	Serra, nº 1 – Santa Cristina	Presidente
VÁZQUEZ	PÉREZ	ROBERTO	76577384B	Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 26	1º vogal
MOURÍN	LÓPEZ	MARÍA JESÚS	33540426D	San pedro, nº 1 - Barán	2º vogal
DÍAZ	LÓPEZ	ANA MARÍA	76572006S	Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 5- Portal B, Piso 1	1º suplente Presidente
PÉREZ	VÁZQUEZ	JAVIER	33348046R	Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 40	2º suplente Presidente
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	CARMEN	33794008Q	Barán nº 1	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	DÍAZ	JOSÉ ANGEL	33545617W	Vilar de Aldixe, nº 4 - Vilaragunte	2º suplente 1º vogal
RODRÍGUEZ	FERNÁNDEZ	ANTONIO	33793443A	Casanova, nº 2- Vilaragunte	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	NOEL	33545619G	Outeiro, nº 2 – Barán	2º suplente 2º vogal

FOLLA N° 31**Distrito Censal 01 - Sección 001 - Mesa B**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
VILALTA	CARRETE	RAFAEL	39867152	A Tellada, nº 7 – As Cortes	Presidente
LÓPEZ	BLANCO	MIGUEL	33559110V	Moimentos, nº 1 – Laxe	1º vogal
MOSQUERA	SALGADO	MARÍA LUZ	33309674Q	Ferreiros, nº 4	2º vogal
LÓPEZ	PÉREZ	ELISEO	33319218S	San Cristovo, nº 4 – Ferreiros	1º suplente Presidente
TOIRÁN	MÉNDEZ	VICTOR	76579220F	Castrelo, nº 4- Laxe	2º suplente Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	JOSÉ MANUEL	76618168Q	Ferreiros, nº 2	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	GARCÍA	ALBINO	34250071N	Vilachá, nº 19 – Cortes	2º suplente 1º vogal
RODRÍGUEZ	LÓPEZ	MARÍA LUISA	76614179Y	Pena, nº 5 – Ferreiros	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	ÁLVAREZ	MAURO	76573012D	Ferreira, nº 4 – Francos	2º suplente 2º vogal

Distrito censal 01 - Sección 002 - Mesa A

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
TEJÓN	RODRÍGUEZ	EDELMIRO	33349669Z	Matanza, nº 1	Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	OTILIA	33777429C	Pereiro, nº 1	1º vogal
PÉREZ	LÓPEZ	MARÍA LUISA	34261516A	Feás, nº 3	2º vogal
CASTAÑO	LÓPEZ	MARÍA JOSÉ	33345261E	Carballedo, nº 1	1º suplente Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	YOLANDA	76579294N	Bariz, nº 4	2º suplente Presidente
DÍAZ	LÓPEZ	CARLOS	34256617A	Mosteirovello, nº 4	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	CASTRO	JOSÉ ANTONIO	34250930C	Bacorelle, nº 3	2º suplente 1º vogal
CASTAÑO	PRADO	AVELINO	34245807A	Carballedro, nº 1	1º suplente 2º vogal
ARIAS	ARIAS	SONIA	33342802R	Abelleiroá, nº 3	2º suplente 2º vogal

Distrito Censal 01 - Sección 002 – Mesa B

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
LÓPEZ	LÓPEZ	MANUEL	33351361G	Pol, 1 – San Vicente	Presidente
MATO	LÓPEZ	ANA	33541505F	Outeiro, nº 1 – Castro de San Martiño	1º vogal
RODRÍGUEZ	LUNA	MÓNICA	33350984H	Esdulfe, nº 1 – Castro de San Martiño	2º vogal
RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ	FÁTMA	33550954A	Aldosende, nº 30	1º suplente Presidente
RODRÍGUEZ	FERNÁNDEZ	IVAN	33549601F	San Vicente, 4	2º suplente Presidente
VÁZQUEZ	DÍAZ	JESÚS MIGUEL	33304403N	Cepadas, nº 1 – Santalla	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	SÁNCHEZ	ELOY	76618200W	Lusoiros, nº 3 – Aldosende	2º suplente 1º vogal
VÁZQUEZ	DÍAZ	MARÍA TERESA	76618130R	Toexe, nº 3 – Santalla	1º suplente 2º vogal
PÉREZ	RODRÍGUEZ	ESTHER	34238603K	O Vilar, nº 1 – Aldosende	2º suplente 2º vogal

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do vinte e catro de outubro de dous mil once, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e prace
O Alcalde**

O Secretario-Interventor

En cumprimento do disposto no art. 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e art. 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, remito:

- Acta da sesión extraordinaria, celebrada polo Pleno da Corporación, en data 24 de outubro de 2011.

Paradela, 02 de novembro de 2011

O Alcalde-presidente

José Manuel Mato Díaz

EXCMO. SR. SUBDELEGADO DO GOBERNO de LUGO

